



A obra porta un facsimile do «Pergamiño Vindel»

Galaxia publica as «Cantigas» de Martín Códax con CD incluído

Os lectores interesados na lírica medieval xa poden conseguir a obra de Martín Códax nunha publicación e CD titulado «Cantigas», editado por Galaxia co patrocinio de Bodegas Vilariño. A publicación reproduce o facsimile do «Pergamiño Vindel», o único exemplar que se conserva da lírica profana europea.

SANTIAGO
Redacción

A obra, presentada onte en Compostela, enmarcase na próxima celebración do Día das Letras Galegas, que este ano está dedicado ós trobadores da ría de Vigo: Martín Códax, Mendinho e Xohán de Cangas. Para Galaxia, como ben sinalou o seu director comercial, Xaime Nogueira, «esta obra ten un significado especial». A edición preparada por Galaxia conta cunha tirada curta e vai dirixida ós lectores interesados en xeral na lírica medieval.

A publicación inclúe, ademais da reprodución do pergamiño, a reprodución facsimilar das *Cantigas* a partir do Cancioneiro da Biblioteca Vaticana e do da Biblioteca Na-

cional de Lisboa, un CD coa versión musicada a cargo do grupo Martín Códax e unhas notas críticas e de aclaración.

José Martínez Chantada, presidente de Bodegas Vilariño-Cambados, resaltou a importancia desta publicación e o desexo da empresa en «seguir traballando pola cultura galega». Henrique Monteagudo, responsable da publicación, calificou da magnífica a obra. «Este é un exemplar moi especial en toda a lírica profana europea —indicou Monteagudo—, porque o coñecido como *Pergamiño Vindel* permitiu coñecer-la letra e a música das pezas líricas escritas no século XI por Martín Códax». Este documento consérvase actualmente na The Pierpont Morgan Library de Nova Iorque.



CAPOTILLO

Os responsables de Galaxia e Bodegas Vilariño felicítáronse polo interese da nova publicación

Música e proxeccións

Dentro dos actos que celebran os centros educativos, destacan as proxeccións no Instituto de Ames a partires das 9.15 horas, coas películas *Ata que a morte nos separe* e *Un peixe chamado Wanda*. Tamén haberá un concerto de Pinto de Herbón e audicións de música celta internacional, música celta de Galicia e música tradicional.

No colexio San Francisco Javier, Paula Carballreira contará contos para os pequenos de Educación Infantil e mañán actuará o grupo de rock

compostelán Ruxe Ruxe. Para mañán está previsto no salón de actos de Psicoloxía, Filosofía e Ciencias da Educación a proxección de curtametraxes de directores galegos, entre os que figuran Alber Ponte, Chema Gagino e Miguel Asensio. Serán a partires das 17 horas, con entrada gratuíta. Tamén o Parlamento de Galicia se suma mañán á celebración cunha conferencia de Francisco Fernández del Riego ás 13 horas sobre *Os poetas medievais da Ría de Vigo*.